

**CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS
DA UNIVERSIDADE DE ZADAR**

**MEMORIA DE ACTIVIDADES
DO ÚLTIMO TRIMESTRE DE 2025**



Sveučilište u Zadru
Universitas Studiorum
Jadertina | 1396 | 2002 |

1. 1. Actividade docente

No ano académico 2025/26, o lectorado de Zadar non conta con lector ó quedar sen candidatos, tal e como se expuxo na resolución definitiva da convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2025, anunciada a través da Orde do 2 de maio de 2025 (código de procedemento PL500E).

Ó non termos lector, non podemos ofrecer información da actividade docente debido a que non se imparten clases de galego na Universidade de Zadar.

2. Actividades de investigación, promoción e divulgación da lingua, literatura e cultura galega do último trimestre de 2025

Durante este último trimestre do 2025 non contamos con visitas de convidados, quedarían para a primavera de 2026. A principal novidade é a inclusión da lingua galega no proxecto *Leksikografski alati Sveučilišta u Zadru* (LEX-UNIZD).

Proxectos de investigación: *Leksikografski alati Sveučilišta u Zadru*, *Metafras e Refranero Multilingüe* (curso 2025/26 e anos vindeiros)

Dende o 2021 o responsable do CEG colabora coa parte galega do proxecto *Refranero Multilingüe* dentro do Instituto Cervantes e baixo a coordinación de Julia Sevilla Muñoz.

Tamén colabora, dende o ano 2023, na parte galega e croata da *iniciativa Metafras* dentro do proxecto de *Fraseoloxía Galega* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

A partir 2025 e ata 2029 na Universidade de Zadar estase a desenvolver o proxecto *Leksikografski alati Sveučilišta u Zadru*, LEX-UNIZD (Ferramentas lexicográficas da Universidade de Zadar, LEX-UNIZD). Deste proxecto sairán varios recursos lexicográficos, como dicionarios multilingües de diversa índole, onde o responsable do CEG traballará para a parte galega.

Magosto/Marunada/Castanyada (24 de novembro)

Xunto co lector de catalán, e coa colaboración das alumnas, celebramos o Magosto coma viña sendo habitual cada outono. O alumnado foi instruído nesta e outras tradicións galegas desta parte do ano.

Ciclo de Nadal de cine ibérico (decembro de 2025)

Dentro do ciclo de Nadal de películas en linguas da península Ibérica, vaise proxectar para os estudantes da Universidade, en especial para os de primeiro ano de grado de Hispanística, o filme *A Lingua das bolboretas* en galego subtitulado en inglés. Non hai data fixada aínda, pero prevese para a segunda semana de decembro.

Publicacións

Tiñamos dúas presentación de libros previstas para este trimestre, pero que finalmente serán a comezos do 2026.

Por un lado, está o poemario multiligüe *Poetska Razglednica 2* (Postal Poética 2) onde se traducen poema de autores croata contemporáneos a diversas linguas onde está o galego.

Por outro lado, o catedrático Nikola Vuletić, anterior responsable do CEG, traduciu a obra *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* de Álvaro Cunqueiro ó croata. Esta tradución supón un fito en Croacia, xa que é a primeira obra destas características traducida directamente do galego. Temos planeado facer na universidade unha presentación do libro co tradutor.

